



## **CAMPAMENTO DE VERÁN TUI 2019 CONDICIÓNS XERAIS**

A Concellería de Deportes do Concello de Tui realizará durante a segunda quincena do mes de xullo e a primeira do mes de agosto o Campamento de Verán Tui 2019. Este campamento vai destinado aos nenos/as e mozos/as de Tui con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (idades cumpridas antes do inicio de cada quenda). O desenrolo do Campamento de Verán levarase a cabo co fin de ofrecer unha alternativa lúdica – deportiva - educativa aos nenos/as do concello. Amais, co desenrolo deste campamento, preténdese ofrecer unha alternativa aos pais e nais que traballan durante ese período, para que poidan conciliar deste xeito a vida familiar e laboral.

### **CAMPAMENTO DE VERÁN – TUI 2019**

A primeira quenda desenrolarase dende o día **15 ata o 31 de xullo (ámbolos dous días incluídos, sendo o 25 de xullo festivo)**

A segunda quenda desenrolarase dende o día **1 ao 16 de agosto (ámbolos dous días incluídos, sendo o 15 de agosto festivo)**

O horario será de luns a venres de 09.00 a 14.00 horas.

Se establecerá un horario de entrega dos nenos entre as 08.00 e 09.15 horas, e o horario de recollida entre as 14.00 e as 15.00 horas, no que haberá monitores realizando actividades cos participantes.

As actividades desenrolaranse no ximnasio e patio do CEIP N°2 de Tui, así como no pavillón deportivo municipal novo de Tui.

A entrega e recollida dos nenos e nenas participantes no campamento se realizará no **pavillón deportivo municipal novo**, salvo en casos puntuais, baixo a notificación previa por parte dos monitores.

### **INSCRICIÓNS**

As inscricións formalizaranse entregando toda a documentación na secretaría do Concello de Tui, dende o día **11 ata o 21 de xuño**, de 09.00 a 14.00 horas.

A información do campamento e os documentos a entregar na inscrición poden descargarse na páxina web [www.tui.gal](http://www.tui.gal)

Para formalizar a inscrición cada participante deberá presentar a seguinte documentación:

1. Solicitude de inscrición asinada obrigatoriamente polo pai/titor e pola nai/titora
2. Datos médicos do participante
3. Fotocopia do DNI do participante
4. Fotocopia do DNI do PAI, da NAI ou dos TITORES que asinan a solicitude
5. Fotocopia da tarxeta sanitaria do participante
6. Certificado médico no caso necesario

**Na folla de solicitude terase que marcar as quendas desexadas polos solicitantes.**

**NON HABERÁ ORDEN DE PREFERENCIA NAS QUENDAS.**



O día 25 de xuño publicarase, a partir das 12.00 horas, no taboleiro do Concello de Tui e na páxina web do Concello de Tui, o listado de inscristos por orden alfabético.

No caso de ter máis solicitudes que prazas dispoñibles, o día 25 de xuño, ás 12.30 horas, no salón de plenos do Concello de Tui, realizarase un sorteo público ante a Secretaria do Concello de Tui, para asignar as prazas por cada quenda do campamento. Terán preferencia os empadroados en Tui. Na segunda quenda terán preferencia aqueles nenos/as que non obtiveron praza na primeira quenda.

Unha vez publicados ese día os listados de admitidos, cada participante terá ata o día 3 de xullo para realizar o pago da cota de inscrición de cada quenda, que pola ordenanza reguladora dos prezos dos campamentos urbanos é de 27,78€ + IVE (10% de IVE a día de aprobación das presentes bases) por quenda, o que faría un total de **30,56€ por quenda**.

O participante admitido que o día 3 de xullo non fixera o ingreso de cada quenda, será dado de baixa e pasará a súa praza ao seguinte da lista de reservas.

O Concello reservará 20 prazas para a Concellería de Asuntos Sociais do Concello de Tui. Estas persoas deberán entregar as solicitudes a través de dita concellería.

O Concello de Tui poderá abrir un novo prazo de inscrición, no caso de ter menos solicitudes que prazas dispoñibles por quenda. A asignación das mesmas se realizará por orden de inscrición, ata completar as prazas dispoñibles.

As baixas formalizaranse por escrito e de forma xustificada no Concello de Tui. Se a baixa se produce antes do inicio do campamento devolverase o importe íntegro. No caso de que o campamento se iniciase, non se devolverá importe algún.

A realización da inscrición leva consigo o pleno coñecemento e aceptación das condicións establecidas neste prego informativo.

## **DURANTE O CAMPAMENTO URBANO**

Os nenos/as durante o campamento terán que levar o que queiran comer no almorzo de media mañá e deberán ir vestidos con roupa cómoda e bañador para os días de actividade na piscina ou no río.

Durante o desenrolo do campamento urbano, dentro dos horarios do mesmo, poderán poñerse en contacto co coordinador xeral nun teléfono que entregárase ao inicio do campamento.

Se a chegada e a saída a realizan os participantes sen compañía dun adulto, o se fano acompañadas por persoas autorizadas polos seu pai / nai / titor, o monitor encargado do subgrupo ao que pertenza o neno o nena deberá ser informado. Requiriranse autorización de recollida por escrito para estes casos.

A entidade responsable do programa resérvase o dereito a interromper xustificadamente a participación no campus a calquera neno/a matriculado, que altere o bo funcionamento e o transcurso normal do servizo, mediando sempre nestes casos un contacto previo co pai / nai / titor.



## INFORMACIÓN AMPLIADA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

### ¿Quién é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?

Razón Social: Concello de Tui

CIF: P3605500B

Dirección Postal: Praza do Concello, 1, 36700 Tui (Pontevedra)

Mail de contacto: [registro@tui.gal](mailto:registro@tui.gal)

Contacto co noso delegado de protección de datos o DPO: [dpo@tui.gal](mailto:dpo@tui.gal)

### ¿Con qué finalidade trataremos os seus datos persoais?

Os seus datos persoais serán utilizados coas seguintes finalidades: inscrición, xestión e desenrolo dos campamentos de verano 2019 (Solicitud de inscrición, sorteo de prazas e desenrolo das actividades contratadas no Campamento de Verano)

### ¿Por canto tempo conservaremos os seus datos persoais?

Os seus datos persoais serán conservados mentres dura a relación establecida e unha vez rematada esta, se conservarán en base aos prazos legais e para atender as posibles responsabilidades nadas da relación establecida e do tratamento dos seus datos persoais. Os datos dos solicitantes non admitidos, serán destruídos inmediatamente despois da selección e de pechada a lista de espera.

### ¿Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais?

A base legal para o tratamento dos seus datos persoais é a execución dun contrato administrativo de "campamentos de verano" e en base ás condicións xerais publicadas.

### ¿Hai obrigación de facilitar eses datos persoais?

Requisito necesario para a súa participación.

Os datos de saúde: alerxias o intolerancias alimentarias, vacinación e no seu caso prescricións médicas debidamente certificadas se solicitan en base ao interese superior do menor de forma preventiva e para poder atenderlle debidamente no caso necesario.

### ¿Cales son as consecuencias de non facelo?

Imposibilidade de participar no servizo solicitado

### ¿Cederemos os seus datos persoais?

Os seus datos persoais e os dos menores non serán cedidos a terceiros salvo por obrigación legal e so no caso en que os monitores do campamento precisen salvagardar intereses vitais dos menores, os seus datos poderán ser cedidos aos servizos de urxencia.

O listado de admitidos se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na web, de conformidade coa disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



## ¿Qué dereitos ten cando nos facilita os seus datos persoais?

Dereito de **Aceso**: Vostede ten dereito a saber se estanse tratando os seus datos e a recibir esa información por escrito a través do medio solicitado.

Dereito de **Rectificación**: Vostede ten dereito a solicitar a rectificación dos seus datos se fosen inexactos o incompletos.

Vostede ten dereito a solicitar a **supresión** dos seus datos, sen embargo, deberá ter en conta que o dereito de supresión queda limitado cando exista obrigación legal de retención o bloqueo dos seus datos.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a **limitación** do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, a protección de terceiros ou por razóns de interese público importante.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados con su situación particular, Vostede poderá **opoñerse** ao tratamento dos seus datos. O responsable deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.

Cando o tratamento dos seus datos este baseado no consentimento ou sexa necesario para a execución dun contrato o precontrato e se efectúe por medios automatizados, Vostede terá dereito á **portabilidade** dos seus datos, é dicir, a que se lle entreguen en formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, incluso a remitírselles a un novo responsable.

Calquera interesado poderá **presentar unha reclamación** ante a Autoridade de Control competente en materia de Protección de Datos, especialmente cando no obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos e a forma de poñerse en contacto con ela sería dirixir un escrito a Axencia Española de Protección de Datos Persoais en C/Jorge Juan n.º 6, 28001 Madrid o a través da súa sede electrónica en [www.agpd.es](http://www.agpd.es)

Os modelos para a solicitude do exercicio dos seus dereitos se encontran no apartado de Políticas de Privacidade / dereitos de noso sitio web, tamén poderá solicitárnolos por escrito á dirección do responsable e incluso poderá obterlos na sede electrónica da Autoridade de control en [www.agpd.es](http://www.agpd.es) e deberán ser remitidos á dirección postal o electrónica do responsable.